

A Universidade de Vigo executou diversos proxectos de enerxía renovables térmicas e proxectos integrais de aforro e eficiencia enerxética no campus de Vigo.

O custe elixible da operación ascende a 2.859.835 € e está financiada nun 80 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014/2020.

As proxectos executadas foron:

- IN421X/19A009 Renovación led e melloras climatización Biblioteca Central. Campus Lagoas
- IN421X/19A010 Renovación led e melloras enerxéticas climatización edificio Filomena Dato.
- IN421X/19A011 Renovación alumeado led e fotovoltaica 120KWP. Escola Enerxía e Minas. Campus Lago Marcosende
- IN421X/19A012 Renovación alumeado led e fotovoltaica 200KWP. Escola Enxeñería Industrial. Campus Lago Marcosende.
- IN421X/19A013 Renovación caldeiras a condensación e tratamento climatización no edificio da Facultade de CC. Económicas. Campus Lago Marcosende
- IN421X/19A022 Instalación xeotermia, e alumeado led no edificio Ferro
- IN421X/19R003 Rede produción e distribución biomasa CC. Sociais e da Educación e Deporte.

Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, unha maneira de facer Europa.

Os proxectos de enerxía renovables térmicas e proxectos integrais de aforro e eficiencia enerxética están cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014/2020 desenvolvendo dous tipos de actuacións.

Por unha parte, os proxectos integrais de aforro e eficiencia enerxética encadrada obxectivo temático 4.3.1.3b, obxectivo temático 4. Favorecer a transición a unha economía baixa en carbono en todos os sectores; na prioridade de investimento 3. Apoio da eficiencia enerxética, da xestión intelixente da enerxía e do uso das enerxías renovables nas infraestruturas públicas, incluídos os edificios públicos e nas vivendas; e no obxectivo específico 1. Mellorar a eficiencia enerxética e redución das emisións de CO₂ na edificación e nas infraestruturas e servizos públicos.

Por outra parte, os proxectos de enerxías renovables térmicas encadradas no obxectivo temático 4.1.2.1, obxectivo temático 4. Favorecer a transición a unha economía baixa en carbono en todos os sectores, na prioridade de investimento 1. Fomento da produción e distribución da enerxía derivada de fontes renovables; e no obxectivo específico 2. Aumentar a participación e distribución das enerxías renovables para usos térmicos, en particular, a biomasa, biogás e biocombustibles para o transporte, en consonancia co Plan de enerxías renovables 2011-2020.